




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Golfo Ártabro. Sector: Rías de Ares e Betanzos. Concello: Oleiros. Parroquia: Santa María de Dexo. Extensión: 0,88km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade acantilada con paredes verticais e potentes e vertentes de pendente notable. Esta deriva da degradación hídrica frontal da antiga superficie erosiva de nivel dos 100/200m na zona máis elevada do norte da península de Oleiros. Inclúe el EIX Xeomorfoloxía estrutural da Costa de Dexo.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade do Dominio da "Serie de Ordes", con materiais metamórficos xistos e cuarzoxtistos, de idade precámbrico-silúrica. Desde Punta Torrella cara a Castelo e Queibanca esténdense dúas bandas de anfibolitas antehercínicas.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Sector acantilado con temperatura media anual por riba de 15°C e precipitacións medias acumuladas entre 1000mm e 1200mm. Oscilación térmica con valores medios entre 12,5°C e 13,5°C. O ambiente climático xeral pode definirse como Cálido e Subhúmido.

OS SOLOS

Sector acantilado potente con vertentes de certa inclinación que desenvolven solos pouco evolucionados, en concreto, umbrisois dístricos.


AS AUGAS

Vertente acantilada carente de rede fluvial significativa con pequenas valgas de forte pendente e de escasa prolongación continental que desaugan na masa de Augas Costeiras da parte exterior da Ría de Ares e Betanzos (20097).

O PATRIMONIO NATURAL

A unidade por completo está incluída no Monumento Natural Costa de Dexo. É unha costa acantilada dominando o hábitat 1230 de cantís atlánticos. Zona de claro abandono agrario, desenvolveuse un mato moi degradado pero que potencialmente acolle os hábitats 4030, breixos secos europeos e 4040, breixos secos atlánticos costeiros de Erica vagans.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

En Punta Torrella, do mesmo xeito que nas unidades similares que figuran ao oeste, unha gran parte do solo non se dedica a actividades produtivas por parte do home. Só na parte meridional, onde limita coas unidades paisaxísticas de Lorbé e de Mera, áchase unha zona de terreos de cultivo, na parte alta do Monte do Corgo, que presentan unha notable continuidade e manteñen a estrutura parcelaria tradicional practicamente intacta. A franxa máis próxima ao litoral está cuberta por formacións vexetais costeiras, aínda que a superficie forestal de repoboación que se desenvolve a media ladeira da vertente tende a estenderse cara a estes terreos.

MORFOLOXÍA

Nesta unidade o dinamismo da topografía non permitiu o desenvolvemento de ningún asentamento tradicional neste ámbito, e tampouco se produciron fenómenos de urbanización ou edificación recente, a excepción dalgunha intervención illada e puntual.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Ao tratarse dun territorio moi periférico, no que ademais non hai ningún asentamento nin foco de actividade humana, a rede viaria é moi feble. Limitase unicamente a unha serie de camiños auxiliares que permiten a accesibilidade a determinados puntos da costa e ás explotacións forestais que se desenvolven. Manteñen, polo tanto, a traza e estrutura da rede tradicional, introducindo as mínimas alteracións e adaptándose ás características topográficas do medio.

PATRIMONIO HISTÓRICO

A Costa de Dexo trátase dunha zona da costa con numerosos asentamentos castrexos. Nesta unidade encontramos o Castro de Punta Torrella na parte central da fronte litoral e o Castro de Punta Roza, que se sitúa entre esta unidade e a de Costa de Dexo. Estes son os únicos elementos catalogados de patrimonio histórico, non se rexistrando actividade humana posterior a esa época.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Desde o punto de vista paisaxístico, pódense considerar no seu conxunto as unidades de Punta Torrella, Costa de Dexo, Enseada de Canaval e Puntas de Mera e Meán. Conforman o límite setentrional da gran península que forma o Concello de Oleiros, e caracterízanse por formar unha sucesión de cantís costeiros con enseadas e esteiros e pequenos illotes, cunha liña de costa moi recortada e tras a que se encontra unha superficie continental de pouco desenvolvemento. Trátase en xeral dun ámbito con moi poucas intervencións antrópicas e un grao moi alto de conservación da estrutura orixinal do territorio. Esta unidade caracterízase por presentar a costa máis accidentada, con cantís profundos e de paredes practicamente verticais e polo reducido nivel de aproveitamento humano, limitado ao uso forestal das grandes superficies de bosque de repoboación.

DINÁMICA DA PAISAXE

As unidades de Punta Torrella, Costa de Dexo, Enseada de Canaval e Puntas de Mera e Meán (o que se pode clasificar como conxunto da Costa de Dexo) sufriron unha evolución paralela da súa paisaxe, xa que seguiron as mesmas dinámicas de ocupación e as mesmas modificacións do sistema de organización do territorio. Se antes se trataba dun medio fortemente traballado, cunha actividade agrícola máis ou menos intensa pero que chegaba case ata a liña litoral, na actualidade boa parte destas parcelas agrarias abandonáronse, especialmente aquelas máis afastadas dos asentamentos (as que están máis próximas á costa). A maior parte das veces estas terras están cubertas de vexetación costeira (mato) ou son usadas para explotacións forestais. Nesta unidade actualmente só unha estreita franxa no bordo meridional, no alto do Monte do Corgo, mantén a actividade agrícola.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

O conxunto paisaxístico que conforma a Costa de Dexo (as unidades de Punta Torrella, Costa de Dexo, Enseada de Canaval e Puntas de Mera e Meán) é un medio de especial valor xeomorfolóxico e ecolóxico, recoñecido como tal mediante a clasificación como Lugar de Interese Comunitario Costa de Dexo, ademais de ser un Espazo de Interese Xeomorfolóxico e declarado Monumento Natural no ano 2000. Un 27% da área está ocupada por hábitats naturais de interese comunitario, entre os que destaca a avifauna propia de cantís mariños que xa non se encontra, co nivel de integridade que aparece aquí, en outro lugar do Golfo Ártabro. A unidade de Punta Torrella destaca por conter os cantís máis singulares do conxunto, que xeran puntualmente pequenas superficies areosas aos seus pés cunha especial capacidade expresiva. A ausencia de pegadas e actividades humanas favorece a conservación das características máis naturais e salvaxes deste medio, permitindo unha lectura continua da paisaxe sen alteracións visuais nin funcionais. As conexións visuais que se xeran desde este medio realízanse fundamentalmente coas outras unidades da Costa de Dexo desde a Punta Torrella e, a través da Ría de Ares, coa costa acantilada de Cantís das Mirandas e de Cervás, nunha visión afastada de paisaxe xeral.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



